



Energía y Celulosa

Secretaría Xeral do Concurso
Prego de Condicións Técnicas

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE
EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA.

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

secretariaconcurso@ence.es



Energía y Celulosa

Secretaría Xeral do Concurso
Prego de Condicións Técnicas

ÍNDICE

1	OBXECTO
2	EMPRAZAMENTO
3	ALCANCE
4	OBXECTIVOS
5	CONDICIÓNS URBANÍSTICAS
6	ALCANCE ECONÓMICO
7	DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA
8	LIGAZÓNS DE INTERESE

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

secretariaconcurso@ence.es

1 OBXECTO

O obxecto do presente prego é recoller as condicións técnicas ás que se deben axustar os anteproxectos presentados ao «CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA»

2 EMPRAZAMENTO

A actuación debe circunscribirse ao ámbito sinalado nos planos que se xuntan a este prego.

O ámbito de actuación abrangue a parcela de 40 ha aproximadamente na que se sitúa a planta.

3 ALCANCE

Está no espírito que anima a convocatoria deste concurso establecer un reducido número de condicionantes e limitacións nas bases e pregos deste concurso para daren aos participantes a maior liberdade posible, co obxecto de facilitar durante o concurso a libre expresión de planeamentos arquitectónicos e paisaxísticos orixinais e solucións construtivas acordes cunha instalación deste tipo.

O concurso abrangue as actuacións encamiñadas a resolver a integración paisaxística do conxunto industrial do contorno natural da ría de Pontevedra.

Xa que o obxectivo é a integración das instalacións no contorno, os concursantes deberán realizar unha análise profunda do mesmo e da influencia do conxunto nel, de forma que se poidan establecer as estratexias adecuadas para a intervención e a súa envergadura.

Neste senso, o establecemento da totalidade da parcela como ámbito de actuación debe entenderse como a definición do espazo onde serán posibles actuacións illadas malia formar parte dunha estratexia unitaria. É obxectivo do concurso, e será un dos aspectos que deberán analizar os participantes, decidir as áreas concretas de actuación e establecer a xerarquía das mesmas.

As actuacións propostas respectarán as edificacións e instalacións existentes necesarias para o funcionamento desta planta.



Os elementos que se utilicen poderán ser naturais ou artificiais. Poderanse planear instalacións de elementos arquitectónicos que creen envolventes ou pantallas visuais sempre que non xeren edificabilidade.

Tamén se poderá actuar sobre as envolventes das edificacións sempre que as devanditas intervencións sexan viables técnica e funcionalmente e compatibles coa actividade da planta.

4 OBXECTIVOS

É obxecto do presente concurso de ideas con intervención de xurado a selección dun anteproxecto que propoña unha solución para a integración arquitectónica e paisaxística da fábrica de Ence en Lourizán. A devandita solución poderá servir de base ao proxecto das obras, sempre que a entidade convocadora o estime posible e se reúnan ademais os necesarios requisitos administrativos.

Para o establecemento dos obxectivos do concurso, e pois que estes se centran na integración paisaxística da fábrica no seu contorno, tomamos como punto de partida a definición recollida na normativa do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

«Enténdese por integración paisaxística o conxunto de accións que, partindo da comprensión da paisaxe dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o seu impacto paisaxístico e conseguir a súa integración harmónica».

Baixo ese concepto valoraranse as propostas que mellor acaden ese obxectivo, no que a visibilidade do conxunto posúe un papel determinante. Neste caso deberanse resolver especialmente os seguintes aspectos:

- As relacións entre a parcela e o seu contorno. Identificando as características propias do mesmo para involucralas na proposta.
- A integración das volumetrías e materiais de forma coherente e comprensiva coas características do entorno.
- Mellorar a relación de escala do conxunto edificado co contorno natural, valorando especialmente a fachada da ría.



- Valorarase o uso coherente da vexetación, como elemento que contribúe a fomentar a continuidade entre o medio natural e o edificado.
- Crese convinte tamén analizar a visibilidade nocturna do conxunto, facendo da iluminación un elemento do deseño.
- Equilibrio entre a calidade arquitectónica da proposta e o seu custo económico, valorándose especialmente os deseños e propostas que conduzan a minimizalo.

5 CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

O ámbito atópase dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre e nun solo cualificado como Solo Urbanizable non Consolidado.

Como xa se mencionou, as propostas non deben xerar edificacións que representen unha ampliación da edificabilidade, sendo o obxectivo a incorporación de elementos vexetais ou artificiais que conduzan á integración do conxunto na paisaxe, polo tanto non se establecen limitacións dende o punto de vista normativo urbanístico.

6 ALCANCE ECONÓMICO

A definición das actuacións que se deben realizar para o logro dos obxectivos anteriormente sinalados é obxecto deste concurso. Polo tanto, a definición da magnitude económica da intervención tamén forma parte do devandito obxecto, non establecéndose previamente limitación algunha, aínda que este aspecto considerárase da máxima relevancia, valorándose especialmente os deseños e as propostas que conduzan a minimizar os custos.

As propostas deberán conter un avance económico xustificado, que se aportará na segunda fase do concurso.

Valorarase tanto a xustificación dos prezos adoptados e criterios de valoración empregados en orde a garantir a viabilidade do proxecto, como o axeitado equilibrio entre o custo da proposta e o resultado acadado.

7 DOCUMENTACIÓN

1	Presentación	
2	Prego de Condicións Técnicas	
3	Prego de Condicións Administrativas	
4	Documentación gráfica	Plano de planta (dwg)
		Vista en 3d da fábrica
5	Fotografías	
6	Anexo 1, Boletín de inscrición	
7	Anexo 2, Declaración responsable	
8	Anexo 3, Titulación	

8 LIGAZÓNS DE INTERESE.

Bases e documentación do concurso de Ideas:

www.encepontevedra.com

Madrid, 04 de nadal de 2012